

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

5939 *Real decreto 461/2011, do 1 de abril, polo que se modifican o Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do programa de apoio ao sector vitivinícola español, o Real decreto 1303/2009, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola, e o Real decreto 1244/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola.*

Mediante este real decreto procédese a adaptar a normativa estatal para o sector vitivinícola contida nos reais decretos 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do programa de apoio ao sector vitivinícola español, 1303/2009, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias do sector vitivinícola, e polo que se modifica o Real decreto 1244/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, e 1244/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola.

En primeiro lugar, cómpre modificar algúns aspectos do Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, referentes, por unha parte, ás comunicacións dos pagamentos da medida de reestruturación e reconversión de viñedo, que deben realizar as comunidades autónomas ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, co fin de dar claridade e mellorar a aplicación e a xestión da medida no marco Programa de apoio ao sector vitivinícola e da súa dotación orzamentaria e, por outra parte, aos programas de promoción para permitir, conforme prevé o Regulamento (UE) n.º 772/2010 da Comisión, do 1 de setembro, que se poidan prorrogar por un máximo de dous anos, en consideración ao carácter específico das medidas de promoción, que exigen uns trámites administrativos máis prolongados no Estado membro e no país terceiro co fin de alcanzar un mellor aproveitamento dos fondos destinados a esta medida.

En segundo lugar, con respecto ao Real decreto 1303/2009, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias do sector vitivinícola, e polo que se modifica o Real decreto 1244/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, modifícanse os prazos de comunicación de datos das comunidades autónomas ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño co obxecto de facilitar aos operadores a información actualizada.

Por último, do Real decreto 1244/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, modifícase o seu capítulo VI «Variedades de vide» co fin de eliminar a obriga de comunicar as modificacións que cada comunidade autónoma realice na clasificación de uva de mesa e doutros usos, e de actualizar a clasificación de variedades de vide do seu anexo XXI.

A regulación básica contida nesta disposición efectúase mediante real decreto dado que se trata dunha materia de carácter marcadamente técnico, intimamente ligada ao desenvolvemento da normativa comunitaria.

Na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de abril de 2011,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do programa de apoio ao sector vitivinícola español.*

O Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do programa de apoio ao sector vitivinícola español, queda modificado como segue:

Un. A letra h) do artigo 2 queda redactada do seguinte modo:

«h) «Programa»: para os efectos da medida de promoción en mercado de países terceiros, considérase programa o conxunto de accións de promoción coherentes que se desenvolvan nun ou varios países terceiros, cuxo alcance sexa suficiente para contribuír a aumentar a información sobre os produtos en cuestión, así como a súa comercialización.»

Dous. O número 3 do artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«3. Os programas poderán ter unha duración máxima de tres anos por beneficiario e país. Non obstante, poderán ser prorrogados por un período non superior a dous anos, logo de solicitude de acordo co previsto no artigo 8 número 3.»

Tres. A letra e) do número 1 do artigo 5 queda redactada do seguinte modo:

«e) Entidades asociativas sen ánimo de lucro participadas por empresas do sector vitivinícola que teñan entre os seus fins a promoción exterior dos viños.»

Catro. O número 2 do artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«2. As accións distribuiranse en períodos de 12 meses que comezarán o 1 de xullo.»

Cinco. O número 1 do artigo 8 queda redactado como segue:

«1. Os interesados que reúnan as condicións previstas no artigo 5 presentarán as súas propostas de accións e programas e a documentación correspondente ante o órgano competente da comunidade autónoma en que se encontre situado o domicilio fiscal da súa empresa ou organización, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, antes do 1 de marzo de cada ano.»

Seis. No artigo 8 engádese un novo número 3, co seguinte contido:

«3. En caso de solicitar prórroga dun programa, de acordo co número 3 do artigo 4, ademais da documentación prevista nos números 1 e 2 deste artigo, os interesados deberán presentar un informe de resultados dos dous primeiros anos de execución para a súa avaliación. Este informe conterá, ao menos, información relativa aos efectos no mercado de destino do programa desenvolvido, ademais de detallar as razóns para solicitar a prórroga.»

Sete. O primeiro parágrafo do número 2 do artigo 9 queda redactado como segue:

«2. De acordo cos criterios establecidos no anexo IV, as comunidades autónomas elaborarán unha lista provisional cos programas seleccionados priorizados, e remitirana ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño antes do 1 de abril, no formato electrónico, anexo V, dispoñible na web do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. A esta xuntaráse a documentación dos programas seleccionados (copia do formulario e a ficha do anexo III).»

Oito. O artigo 10 modifícase como segue:

a) O terceiro parágrafo do número 1 queda redactado como segue:

«Esta Comisión será a responsable de elaborar, para cada exercicio FEAGA, a lista definitiva das accións e programas que se proporán á Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural para a súa aprobación.»

b) O número 3 queda redactado como segue:

«3. A Comisión poderá, segundo proceda, propor:

a) Se o gasto total previsto nas solicitudes tramitadas non excede o límite orzamentario inicialmente asignado a esta medida:

i. A aprobación de todas as solicitudes tramitadas que se axusten á estratexia e directrices establecidas, se for o caso, polo Comité previsto no artigo 19.

ii. A aprobación condicionada á aceptación de certas adaptacións que se axusten á estratexia e directrices establecidas, se for o caso, polo Comité previsto no artigo 19.

b) Se o gasto total previsto nas solicitudes tramitadas excede o límite orzamentario inicialmente asignado a esta medida:

i. A aprobación das solicitudes tramitadas que se axusten á estratexia e directrices establecidas, se for o caso, polo Comité previsto no artigo 19, ata o límite das dispoñibilidades orzamentarias.

ii. A aprobación condicionada á aceptación de certas adaptacións que se axusten á estratexia e directrices establecidas, se for o caso, polo Comité previsto no artigo 19, ata o límite das dispoñibilidades orzamentarias.

iii. O incremento da dotación orzamentaria destinada á medida.»

Nove. O artigo 11 queda modificado como segue:

a) O número 1 queda redactado como segue:

«1. Unha vez aprobada pola Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, a lista definitiva das accións e programas seleccionados e as condicións establecidas para estes, as comunidades autónomas resolverán as solicitudes e notificarán aos beneficiarios. O prazo máximo para a resolución e notificación do procedemento será de seis meses contados a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das solicitudes.»

b) O número 4 queda redactado como segue:

«4. No caso de se producir a desistencia por parte dalgún beneficiario cuxa solicitude fose obxecto de resolución estimatoria, as comunidades autónomas deberánllo comunicar ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, antes do 1 de decembro, para o efecto de poder dispor dos fondos que se liberen.»

Dez. O artigo 12 queda redactado como segue:

«Artigo 12. *Modificación das accións e programas.*

1. Non se poderán modificar produtos, actividades nin custos das accións e programas salvo cando sexa patente que se obterían mellores resultados coas modificacións propostas. Calquera destas modificacións debe ser obxecto dunha notificación previa ao órgano competente da comunidade autónoma que deberá comprobar e, se é caso, autorizar as modificacións propostas que cumpran os requisitos para seren subvencionables.

2. En ningún caso se poderá modificar á alza os orzamentos aprobados para os programas, nin se poderán incluír novos países.

3. As comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño antes do 1 de xuño as modificacións que se produciron e que afecten as anualidades en curso.

4. As modificacións que afecten anualidades non comezadas deberán ser notificadas, antes do 1 de marzo, ao órgano competente da comunidade autónoma para a súa aprobación, quen, pola súa vez, as comunicará ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño antes do 1 de abril.»

Once. O artigo 15 queda redactado como segue:

«Artigo 15. *Pagamentos.*

1. Poderase solicitar un único pagamento ou pagamentos intermedios da contribución comunitaria anual. As solicitudes referiranse ás accións realizadas e pagadas.

2. Todos os pagamentos se deben realizar a través dunha conta única dedicada en exclusiva a este fin.

3. As solicitudes de pagamentos intermedios deberanse presentar, ante o órgano competente da comunidade autónoma, antes de que conclúa o mes seguinte a aquel en que expire cada período de catro meses, a partir do 1 de xullo.

Os pagamentos intermedios e o pagamento do anticipo previsto no artigo 14 non poderán superar no seu conxunto o 80 por cento do total da contribución comunitaria.

4. Unha vez finalizadas as accións de cada anualidade e, como máis tarde, antes de que conclúa o mes seguinte á finalización da anualidade, o beneficiario poderá solicitar o pagamento do saldo da axuda ante o órgano competente da súa comunidade autónoma.

5. A comunidade autónoma realizará os pagamentos nun prazo máximo de 60 días desde a recepción completa da solicitude de pagamento.

6. Para que se consideren admisibles, as solicitudes de pagamento irán acompañadas:

a) Dun informe resumo das actuacións desagregadas en actividades co correspondente importe orzamentario e o custo final de cada unha delas, e unha avaliación dos resultados obtidos que se poden verificar na data do informe.

b) Das facturas e xustificantes de gasto dos pagamentos realizados.

c) Do extracto bancario da conta mencionada no punto 2 deste artigo en que se poida comprobar a realización dos pagamentos xustificadas mediante as facturas citadas na letra b) deste número.

7. O pagamento estará supeditado á presentación das contas auditadas e informes de auditoría de contas realizados por un auditor de contas ou sociedade de auditoría legalmente recoñecidos ou, no seu defecto, á verificación por parte da comunidade autónoma das facturas e os documentos mencionados no número 6 deste artigo.

8. Poderanse considerar custos indirectos imputables á acción subvencionada ata un límite do dous por cento dos custos efectivos de execución das accións promocionais. Estes custos non requirirán xustificación adicional e deberán estar previstos especificamente no orzamento do programa presentado.

9. Así mesmo, de cara á xustificación técnica das accións, poderánselle solicitar ao beneficiario medios de proba da realización das accións promocionais.»

Doce. O número 1 do artigo 17 queda redactado como segue:

«1. Os órganos competentes da comunidade autónoma realizarán un plan de control anual sobre a base dunha análise de riscos que incluírá, ao menos, o 20 por cento dos programas, pagados o ano anterior.»

Trece. O número 3 do artigo 29 queda redactado como segue:

«3. Como máis tarde o 20 de xuño de cada ano as comunidades autónomas enviarán á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño:

a) A declaración dos pagamentos realizados polo organismo pagador no exercicio financeiro en curso, referidos ao venres da semana inmediatamente anterior á data do 20 de xuño, de acordo co anexo VIII.

b) As previsións de gastos que se poidan realizar ata o 15 de outubro do exercicio financeiro, sempre que os pagamentos comunicados no punto anterior excedan o 95 por cento da asignación financeira para o exercicio en cuestión, de acordo co anexo IX.»

Catorce. O artigo 58 queda modificado como segue:

a) O número 1 queda redactado como segue:

«1. As actuacións de control serán realizadas conforme o establecido na normativa comunitaria aplicable e neste real decreto. No que se refire á medida de reestruturación e reconversión de viñedo, aplicarase especialmente o recollido no artigo 81 do Regulamento (CE) 555/2008 da Comisión, coa redacción recollida no Regulamento (UE) 772/2010 da Comisión, que modifica o anterior.»

b) O número 2 queda redactado como segue:

«2. As comunidades autónomas articularán as medidas de control necesarias para garantir o cumprimento das actuacións previstas nun plan xeral de control que deberá establecer o Fondo Español de Garantía Agraria en colaboración con estas. No caso da reestruturación e reconversión de viñedo, o plan xeral citado terá en conta o rexistro vitícola da comunidade autónoma correspondente.»

Quince. O anexo III pasa a ter o seguinte contido:

«ANEXO III

Formulario

III. Orzamento

Orzamento recapitulativo:

Acción	Actividades	Exercicio I Anualidade I	Exercicio II Anualidade II	Exercicio III Anualidade III	Total
1	1.1				
	1.2				
	1.3				
2	2.1				
	2.2				
	2.3				
Garantías					
Custos indirectos					
Total»					

Dezaseis. O anexo V pasa a ter o contido incluído no anexo deste real decreto.

Dezasete. O anexo VIII pasa a ter o seguinte contido:

«ANEXO VIII

Pagos de reestruturación e reconversión

Reestruturación e reconversión de viñedo

Comunidade autónoma:		Campaña: Data de comunicación:			
Plan	Reestruturación		Compensación por perda de ingresos		Importe total (€)
	Superficie (ha)	Importe (€)	Superficie (ha)	Importe (€)	
Total»					

Comunicación de acordo coa letra a) do número 3 do artigo 29 deste real decreto

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 1303/2009, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola.*

O número 1 do artigo 7 do Real decreto 1303/2009, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola, queda redactado como segue:

«1. As comunidades autónomas facilitarán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño canta información sexa necesaria para o cumprimento das obrigas de comunicación á Comisión da Unión Europea previstas na normativa comunitaria, cunha antelación mínima de trinta días aos prazos límite establecidos para cada suposto.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, establécense os seguintes prazos para a remisión desde as comunidades autónomas ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño:

- a) A recapitulación das declaracións de existencias ao finalizar a campaña anterior, como máis tarde o 15 de outubro.
- b) O resultado definitivo das declaracións de produción da campaña en curso, como máis tarde o 15 de febreiro.»

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 1244/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola.*

O Real decreto 1244/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, queda modificado como segue:

Un. O número 3 do artigo 30 queda redactado como segue:

«3. Variedade de uva para outros usos, unha variedade de vide cultivada normalmente para outros destinos diferentes dos mencionados nos números 1 e 2.»

Dous. O artigo 31 queda modificado como segue:

a) A letra b) do número 1 queda redactada como segue:

«b) Para as variedades de uva de mesa e doutros usos, en recomendadas e autorizadas.»

b) O número 2 queda redactado como segue:

«2. As denominacións e sinonimias de variedades de uva de vinificación clasificadas deberán estar incluídas no Rexistro de Variedades Comerciais de Vide para España.»

c) A letra c) do número 3 queda redactada como segue:

«c) No que se refire a variedades de uva para outros usos, as variedades pertencentes á especie «Vitis vinifera» (L), cando tales variedades de vide presenten normalmente unha aptitude particular para os destinos de que se trate.»

d) A letra c) do número 4 queda redactada como segue:

«c) No que se refire a variedades de uva para outros usos, as variedades pertencentes á especie «Vitis Vinifera» (L), das cales se obteñan produtos cuxa calidade, aínda tendo un nivel adecuado, non alcance a dos produtos obtidos coas variedades de vide recollidas na letra c) do número 3.»

Tres. O artigo 33 queda redactado como segue:

«Artigo 33. *Sinonimias e homonimias.*

Para cada unha das variedades incluídas na clasificación de variedades de uva de vinificación engadiranse, en caso de telas, as sinonimias que correspondan, sempre que estean recollidas no Rexistro de Variedades Comerciais de Vide para España.

Elaborarase, así mesmo, unha lista de homonimias dentro das variedades incluídas na clasificación.»

Catro. O artigo 34 queda redactado como segue:

«Artigo 34. *Administración competente.*

As comunidades autónomas serán as responsables de clasificar como variedades de vide no seu ámbito territorial as variedades de vide do xénero Vitis destinadas á produción de uva ou de material de multiplicación vexetativa da vide.»

Cinco. O número 1 do artigo 36 queda redactado como segue:

«1. As comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, antes do 1 de abril de cada ano, as modificacións na clasificación de variedades de uva de vinificación e de portaenxerto que figuran no anexo XXI que realizasen en cumprimento do previsto no artigo 34.»

Seis. O primeiro parágrafo do artigo 37 queda redactado como segue:

«Quedan prohibidos a plantación, a substitución de marras, o enxerto sobre o terreo e o sobre enxerto de variedades de uva de vinificación non inscritas na clasificación. Estas restricións non serán de aplicación ás vides utilizadas en investigacións e experimentos científicos.»

Sete. O anexo I «Rendementos medios», no que á epígrafe «Comunidade Autónoma do País Vasco» se refire, queda redactado como segue:

«Comunidade Autónoma do País Vasco

Zonas de produción da denominación de orixe:

Rioja: 45 hl/ha.

Txacolí de Araba: 70hl/ha.

Txacolí de Bizkaia: 71 hl/ha.

Txacolí de Getaria: 78 hl/ha.»

Oito. O anexo XXI pasa a ter o seguinte contido:

«ANEXO XXI

CLASIFICACIÓN DAS VARIEDADES DE VIDE

Variedades de uva de vinificación

1. *Comunidade Autónoma de Andalucía*

Provincias: Almería, Cádiz, Córdoba, Granada, Huelva, Jaén, Málaga, Sevilla:

Variedades recomendadas:

Garrido fino, B.
Moscatel de Alejandría, B.
Palomino, B.
Palomino fino, Listán blanco, B.
Pardina, Baladí verdejo, Calagraño, Jaén blanco, B.
Pedro Ximénez, B.

Variedades autorizadas:

Airén, B.
Albariño, B.
Bobal, T.
Cabernet franc, T.
Cabernet sauvignon, T.
Chardonnay, B.
Colombard, B.
Doradilla, B.
Garnacha tinta, T.
Gewürztraminer, B.
Graciano, T.
Jaén tinto, T.
Lairén, B.
Macabeo, Viura, B.
Malbec, T.
Malvasía aromática, B.
Mencia, T.
Merlot, T.
Molinera, T.
Mollar cano, T.
Monastrell, T.
Montúa, Chelva, B.
Moscatel de grano menudo, Moscatel morisco, B.
Perruno, B.
Petit verdot, T.
Pinot noir, T.
Prieto picudo, T.
Riesling, B.
Rome, T.
Sauvignon blanc, B.
Syrah, T.
Tempranillo, T.
Tintilla de Rota, T.
Torrontés, B.
Verdejo, B.
Vermentino, B.

Vijariego blanco, Bijiriego, B.
Viognier, B.
Zalema, B.

2. *Comunidade Autónoma de Aragón*

Provincias: Huesca, Teruel, Zaragoza:

Variedades recomendadas:

Alarije, Malvasía riojana, Rojal, B.
Alcañón, B.
Bobal, T.
Cabernet sauvignon, T.
Chardonnay, B.
Garnacha blanca, B.
Garnacha peluda, T.
Garnacha tinta, T.
Garnacha tintorera, T.
Gewürztraminer, B.
Macabeo, Viura, B.
Mazuela, Cariñena, T.
Merlot, T.
Monastrell, T.
Moristel, Juan Ibáñez, Concejón, T.
Moscatel de Alejandría, B.
Moscatel de grano menudo, B.
Parellada, B.
Parraleta, T.
Pinot noir, T.
Riesling, B.
Sauvignon blanc, B.
Syrah, T.
Tempranillo, Cencibel, T.

Variedades autorizadas:

Cabernet franc, T.
Chenin blanc, B.
Derechero, T.
Garnacha roja, Garnacha gris, T.
Graciano, T.
Miguel del Arco, T.
Pardina, Robal, B.
Verdejo, B.
Vidadillo, T.
Xarello, B.

3. *Comunidade Autónoma do Principado de Asturias*

Variedades recomendadas:

Albarín blanco, B.
Albillo mayor, B.
Garnacha tintorera, T.
Mencia, T.
Picapoll blanco, Extra, B.
Verdejo negro, T.

Variedades autorizadas:

Albarín tinto, T.
Carrasquín, T.
Godello, B.
Gewürztraminer, B.
Merlot, T.
Moscatel de grano menudo, B.
Pinot noir, T.
Syrah, T.

4. *Comunidade Autónoma das Illes Balears*

Variedades recomendadas:

Callet, T.
Manto negro, T.
Moll, Pensal blanca, Prensai, B.

Variedades autorizadas:

Cabernet sauvignon, T.
Chardonnay, B.
Fogoneu, T.
Garnacha blanca, B.
Garnacha tinta, T.
Giró Ros, B.
Gorgollassa, T.
Macabeo, Viura, B.
Malvasía aromática, Malvasía de Banyalbufar, B.
Merlot, T.
Monastrell, T.
Moscatel de Alejandría, B.
Moscatel de grano menudo, B.
Parellada, B.
Pinot noir, T.
Riesling, B.
Sauvignon blanc, B.
Syrah, T.
Tempranillo, T.
Viognier, B.

5. *Comunidade Autónoma de Canarias*

Provincias: Las Palmas, Santa Cruz de Tenerife:

Variedades recomendadas:

Bermejuela, Marmajuelo, B.
Castellana negra, T.
Doradilla, B.
Forastera blanca, B.
Gual, B.
Listán negro, Almuñeco, T.
Malvasía aromática, B.
Malvasía rosada, B.
Malvasía volcánica, B.
Moscatel de Alejandría, B.
Negramoll, T.
Sabro, B.
Tintilla, T.

Verdello, B.
Vijariego blanco, Diego, B.

Variedades autorizadas:

Bastardo blanco, Baboso blanco, B.
Bastardo negro, Baboso negro, T.
Breval, B.
Burrablanca, B.
Cabernet sauvignon, T.
Listán blanco de Canarias, B.
Listán prieto, T.
Merlot, T.
Moscatel negro, T.
Pedro Ximénez, B.
Pinot noir, T.
Ruby cabernet, T.
Syrah, T.
Tempranillo, T.
Torrontés, B.
Vijariego negro, T.

6. *Comunidade Autónoma de Cantabria*

Variedades recomendadas:

Ningunha.

Variedades autorizadas:

Albarín blanco, B.
Albariño, B.
Cabernet sauvignon, T.
Chardonnay, B.
Garnacha tinta, T.
Gewürztraminer, B.
Godello, B.
Graciano, T.
Mencía, T.
Merlot, T.
Hondarrabi beltza, T.
Hondarrabi zuri, B.
Palomino, B.
Riesling, B.
Syrah, T.
Tempranillo, Tinto de Toro, T.
Treixadura, B.

7. *Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha*

Provincias: Albacete, Ciudad Real, Cuenca, Guadalajara, Toledo:

Variedades recomendadas:

Airén, B.
Albillo real, B.
Bobal, T.
Coloraílo, T.
Garnacha tinta, T.
Garnacha tintorera, T.
Macabeo, Viura, B.

Malvar, B.
Merseguera, B.
Monastrell, T.
Moscatel de grano menudo, B.
Pedro Ximénez, B.
Tempranillo, Cencibel, T.
Tinto Velasco, Frasco, T.
Torrontés, B.

Variedades autorizadas:

Alarije, B.
Cabernet franc, T.
Cabernet sauvignon, T.
Chardonnay, B.
Forcallat tinta, T.
Garnacha peluda, T.
Gewürztraminer, B.
Graciano, T.
Malbec, T.
Malvasía aromática, B.
Mazuela, Cariñena, T.
Mencía, T.
Merlot, T.
Montúa, Chelva, B.
Moravia agría, T.
Moravia dulce, Crujidera, T.
Moscatel de Alejandría, B.
Pardillo, Marisancho, B.
Pardina, Jaén blanco, B.
Parellada, B.
Petit verdot, T.
Pinot noir, T.
Prieto picudo, T.
Riesling, B.
Rojal tinta, T.
Sauvignon blanc, B.
Syrah, T.
Tinto de la pámpana blanca, T.
Verdejo, B.
Verdoncho, B.
Viognier, B.

8. *Comunidade Autónoma de Castilla y León*

Provincias: Ávila, Burgos, León, Palencia, Salamanca, Segovia, Soria, Valladolid, Zamora:

Variedades recomendadas:

Albillo mayor, B.
Albillo real, B.
Garnacha tinta, T.
Juan García, Mouratón, T.
Macabeo, Viura, B.
Mencía, T.
Prieto picudo, T.
Tempranillo, Tinto fino, Tinta del país, Tinta de Toro, T.
Verdejo, B.

Variedades autorizadas:

Alarije, Rojal, Malvasía riojana, B.
Albarín blanco, B.
Albarín tinto, T.
Albariño, B.
Cabernet sauvignon, T.
Chardonnay, B.
Doña Blanca, Malvasía castellana, B.
Garnacha Roja, Garnacha gris, T.
Garnacha tintorera, T.
Gewürztraminer, B.
Godello, B.
Graciano, T.
Malbec, T.
Merenzao, T.
Merlot, T.
Montúa, Chelva, B.
Moscatel de Alejandría, B.
Moscatel de grano menudo, B.
Hondarrabi beltza, T.
Hondarrabi zuri, B.
Palomino, B.
Petit verdot, T.
Pinot noir, T.
Riesling, B.
Rufete, T.
Sauvignon blanc, B.
Syrah, T.
Treixadura, B.
Viognier, B.

9. *Comunidade Autónoma de Cataluña*

Provincias: Barcelona, Girona, Lleida, Tarragona:

Variedades recomendadas:

Cabernet franc, T.
Cabernet sauvignon, T.
Chardonnay, B.
Garnacha blanca, Lladoner blanco, B.
Garnacha peluda, T.
Garnacha tinta, Lladoner, T.
Macabeo, Viura, B.
Mazuela, Samsó, T.
Merlot, T.
Monastrell, T.
Moscatel de Alejandría, B.
Parellada, Montonec, Montonega, B.
Picapoll blanco, B.
Pinot noir, T.
Riesling, B.
Sauvignon blanc, B.
Syrah, T.
Tempranillo, Ull de Llebre, T.
Trepát, T.
Xarello, Cartoixa, Pansal, Pansa blanca, B.

Variedades autorizadas:

Alarije, Subirat parent, B.
Albariño, B.
Chenin blanc, B.
Gewürztraminer, B.
Garnacha roja, Garnacha gris, T.
Garnacha tintorera, T.
Malvasía aromática, Malvasía de Sitges, B.
Moscatel de grano menudo, B.
Pedro Ximénez, B.
Petit verdot, T.
Picapoll negro, T.
Sumoll blanco, B.
Sumoll tinto, T.
Vinyater, B.
Viognier, B

10. *Comunidade Autónoma de Extremadura*

Provincias: Badajoz, Cáceres:

Variedades recomendadas:

Alarije, B.
Borba, B.
Cabernet sauvignon, T.
Cayetana blanca, B.
Chardonnay, B.
Doña Blanca, Cigüente, B.
Garnacha tinta, T.
Macabeo, Viura, B.
Merlot, T.
Pardina, Jaén blanco, B.
Pedro Ximénez, B.
Pinot noir, T.
Sauvignon blanc, B.
Syrah, T.
Tempranillo, Cencibel, Tinto fino, T.
Verdejo, B.

Variedades autorizadas:

Beba, Eva, B.
Bobal, T.
Garnacha tintorera, T.
Gewürztraminer, B.
Graciano, T.
Jaén tinto, T.
Malvar, B.
Mazuela, T.
Monastrell, T.
Montúa, Chelva, B.
Morisca, T.
Moscatel de Alejandría, B.
Moscatel de grano menudo, B.
Parellada, B.
Perruno, B.
Petit verdot, T.

Riesling, B.
Tinto de la pámpana blanca, T.
Torrontés, B.
Viognier, B.
Xarello, B.

11. *Comunidade Autónoma de Galicia*

Provincias: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra:

Variedades recomendadas:

Albariño, B.
Branca de Monterrei, B.
Brancellao, T.
Caíño branco, B.
Caíño bravo, T.
Caíño longo, T.
Caíño tinto, T.
Doña Blanca, Dona Branca, B.
Espadeiro, Torneiro, T.
Ferrón, T.
Godello, B.
Juan García, Mouratón, T.
Lado, B.
Loureira, Loureiro branco, Marqués, B.
Loureiro tinto, T.
Mencia, T.
Merenzao, María Ordoña, T.
Pedral, Dozal, T.
Sousón, T.
Torrontés, B.
Treixadura, B.

Variedades autorizadas:

Albillo, B.
Garnacha tintureira, T.
Gran negro, T.
Macabeo, Viura, B.
Palomino, B.
Tempranillo, T.

12. *Comunidade Autónoma de Madrid*

Variedades recomendadas:

Albillo Real, B.
Garnacha tinta, T.
Malvar, B.
Tempranillo, Cencibel, Tinto fino, T.

Variedades autorizadas:

Airén, B.
Cabernet sauvignon, T.
Garnacha tintorera, T.
Graciano, T.
Macabeo, Viura, B.
Merlot, T.
Monastrell, T.

Moscatel de grano menudo, B.
Pardina, Jaén blanco, B.
Parellada, B.
Petit verdot, T.
Torrontés, B.
Sauvignon blanc, B.
Syrah, T.

13. *Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia*

Variedades recomendadas:

Airén, B.
Garnacha tinta, T.
Macabeo, Viura, B.
Merseguera, B.
Monastrell, T.
Moscatel de Alejandría, B.
Pedro Ximénez, B.
Tempranillo, Cencibel, T.
Verdil, B.

Variedades autorizadas:

Bonicaire, T.
Cabernet sauvignon, T.
Chardonnay, B.
Forcallat blanca, B.
Forcallat tinta, T.
Garnacha tintorera, T.
Rojal tinta, T.
Merlot, T.
Moravia dulce, Crujidera, T.
Moscatel de grano menudo, B.
Petit verdot, T.
Sauvignon blanc, B.
Syrah, T.
Verdejo, B.
Viognier, B.

14. *Comunidade Foral de Navarra*

Variedades recomendadas:

Cabernet sauvignon, T.
Chardonnay, B.
Garnacha tinta, T.
Graciano, T.
Merlot, T.
Moscatel de grano menudo, B.
Tempranillo, T.

Variedades autorizadas:

Alarije, Malvasía riojana, B.
Albillo mayor, Turruntés, B.
Bobal, T.
Garnacha blanca, B.
Gewürztraminer, B.
Macabeo, Viura, B.
Maturana blanca, B.

Maturana tinta, T.
Mazuela, T.
Monastrell, T.
Parellada, B.
Pinot noir, T.
Riesling, B.
Sauvignon blanc, B.
Syrah, T.
Tempranillo blanco, B.
Verdejo, B.
Xarello, B.

15. *Comunidade Autónoma do País Vasco*

Provincias: Araba, Gipuzkoa, Bizkaia:

Variedades recomendadas:

Garnacha tinta, T.
Graciano, T.
Macabeo, Viura, B.
Mazuela, T.
Hondarrabi beltza, T.
Hondarrabi zuri, B.
Tempranillo, T.

Variedades autorizadas:

Alarije, Malvasía riojana, B.
Albillo mayor, Turruntés, B.
Cabernet sauvignon, T.
Chardonnay, B.,
Folle blanche, B.
Garnacha blanca, B.
Gros manseng, B.
Maturana blanca, B.
Maturana tinta, T.
Monastrell, T.
Moscatel de Alejandría, B.
Moscatel de grano menudo, B.
Parellada, B.
Petit courbu, B.
Petit manseng, B.
Pinot noir, T.
Riesling, B.
Sauvignon blanc, B.
Tempranillo blanco, B.
Verdejo, B.
Xarello, B.

16. *Comunidade Autónoma de La Rioja*

Variedades recomendadas:

Chardonnay, B.
Graciano, T.
Macabeo, Viura, B.
Mazuela, T.
Moscatel de Alejandría, B.
Moscatel de grano menudo, B.

Pinot noir, T.
Tempranillo, T.

Variedades autorizadas:

Alarije, Malvasía riojana, B.
Albariño, B.
Albillo mayor, Turruntés, B.
Garnacha blanca, B.
Garnacha tinta, T.
Gewürztraminer, B.
Hondarrabi zuri, B.
Maturana blanca, B.
Maturana tinta, T.
Monastrell, T.
Parellada, B.
Riesling, B.
Sauvignon blanc, B.
Tempranillo blanco, B.
Verdejo, B.
Xarello, B.

17. *Comunidade Valenciana*

Provincias: Alacant, Castelló, Valencia:

Variedades recomendadas:

Alarije, Subirat parent, B.
Bobal, T.
Cabernet sauvignon, T.
Chardonnay, B.
Garnacha tinta, Gironet, T.
Garnacha tintorera, T.
Macabeo, Viura, B.
Merlot, T.
Merseguera, Exquitsagos, Verdosilla, B.
Monastrell, T.
Moscatel de Alejandría, B.
Pedro Ximénez, B.
Petit verdot, T.
Pinot noir, T.
Planta fina de Pedralba, B.
Sauvignon blanc, B.
Syrah, T.
Tempranillo, Cencibel, Tinto fino, T.

Variedades autorizadas:

Airén, B.
Bonicaire, Embolcaire, T.
Cabernet franc, T.
Forcallat blanca, B.
Forcallat tinta, T.
Gewürztraminer, B.
Graciano, T.
Malbec, T.
Mazuela, T.
Mencía, T.
Moscatel de grano menudo, B.

Parellada, B.
 Planta nova, Tardana, B.
 Riesling, B.
 Semillón, B.
 Tortosí, B.
 Verdejo, B.
 Verdil, B.
 Viognier, B.

Variedades de portaenxertos

Todas as comunidades autónomas

Variedades recomendadas:

	Abreviatura
1 Blanchard = Berlandieri x Colombard	BCI
196-17Castel=1203 Couderc (Mourviedro x Rupestris Martín) x Riparia Gloria . . .	196-17 CL
6736 Castel = Riparia x Rupestris de Lot.	6 736 CL
161-49 Couderc = Riparia x Berlandieri	161-49 C
1616 Couderc = Solonis x Riparia	1616 C
3 309 Couderc = Riparia Tomentosa x Rupestris Martín	3 309 C
333 Escuela Montpellier = Cabernet Sauvignon x Berlandieri	333 EM
13-5 E.V.E. Jerez = Descendencia de Berlandieri Resseguier n.º 2	13-5 EVEX
Fercal	-
5 A Martínez Zaporta = Autofecundación de 41-B	5A MZ
41 B Millardet-Grasset = Chasselas x Berlandieri	41B M
420 A Millardet-Grasset = Berlandieri Grasset x Riparia	420A M
19-62 Millardet-Grasset = Malbec x Berlandieri	19-62 M
101-14 Millardet-Grasset, (6)	101-14M
1 103 Paulsen = Berlandieri Resseguier n.º 2 x Rupestris de Lot	1 103 P
31 Richter = Berlandieri Resseguier n.º 2 x Novo Mexicana	31 R
99 Richter = Berlandieri Las Sorres x Rupestres de Lot	99 R
110 Richter = Berlandieri Resseguier n.º 2 x Rupestres Martín	110 R
140 Ruggeri = Berlandieri Resseguier n.º 2 x Rupestris de Lot	140 Ru
5 BB Teleki-Kober = Berlandieri x Riparia	55 BB T
SO4 Selección Oppenheim del Teleki n.º 4 = Berlandieri x Riparia	SO4
Rupestris du Lot	R de Lot.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Os números dous; seis, punto 8 da epígrafe once; quince e dezaseis do artigo primeiro serán de aplicación para os programas que se financien con cargo ao exercicio FEAGA 2012.

Os números un, tres, catro, cinco, sete, oito, nove, dez once, excepto o punto 8, e doce, do artigo primeiro entrarán en vigor para os programas que se financien con cargo ao exercicio FEAGA 2013.

Dado en Madrid o 1 de abril de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
 e Medio Rural e Mariño,
 ROSA AGUILAR RIVERO

ANEXO
«ANEXO V

Lista provisional de programas de promoción do viño en países terceiros seleccionados pola comunidade autónoma																
Comunidade autónoma																
N.º de programa	Total puntos	CIF	Tipo de beneficiario (art. 5 RD 244/2009)	Beneficiarios	Medida subvencionable (art. 10, núm. 3, Regulamento (CE) 479/2008)	Descripción	Mercado	Orzamento total Exercicio FEAGA XXX	Orzamento total Exercicio FEAGA XXX	Orzamento total Exercicio FEAGA XXX	Puntuación					
											Subtotal 1		Subtotal 2			Subtotal 3
								a)	b)	a)	b)	c)	a)	b)	c)	Subtotal 4